

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEDEUME

Aprazamento da celebración do certame “VII mes de teatro Afeccionado Pontedeume en Obras 2020”.

ANUNCIO

Aprazamento da celebración do certame “VII mes de teatro Afeccionado Pontedeume en Obras 2020”.

Por medio do Decreto número 200/2020 de 24/03/2020, e de rectificación de erros daquel nº 204/2020 de 26/03/2020, resolveuse o aprazamento do certame “VII mes de teatro Afeccionado Pontedeume en Obras 2020”, nos termos seguintes:

“...//...”

PRIMEIRO.- Suspende a celebración do certame “VII Mes Teatro Afeccionado Pontedeume en Obras 2020” cuxas bases foron aprobadas mediante Decreto nº 184/2020 de 11/03/2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 53, de 20.03.2020, aprazando a súa celebración a novas datas que serán determinadas unha vez sexan levantadas polo goberno do estado da nación as medidas adoptadas pola situación de alarma derivada da crise sanitaria provocada polo virus Covid-19.

Esta suspensión determina tamén o establecemento dun novo periodo de presentación de solicitudes nos termos indicados no parágrafo anterior.

...//...”

O que se publica para xeral coñecemento e en cumprimento do contido das ditas resolucións.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontedeume a 27 de marzo de 2020.

2020/2279